

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/01	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de XANEIRO de 2021
Duración	Desde as 20:00 ata as 22:20 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



--	--	--

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Antes de comezar cos puntos do día o Sr. González fai referencia á mecánica de cómo se vai desenrolar o presente Pleno de xeito telemática e indica que a sesión estase gravando. O Sr. Gosende non ten boa conexión polo que é preciso agardar por el para que poida estar presente no Pleno da Corporación. Realízase un receso para a comprobación da conexión de tódolos integrantes da Corporación.

Restablécese o Pleno tras o receso.

O Sr. González volve a indicar de que modo se fará visible a votación no desenvolvemento do Pleno.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior	
Favorable	Tipo de votación
<p>Aprobación actas sesións plenarias correspondentes ao Pleno extraordinario do 14.12.2020 e ao Pleno ordinario do 17.12.2020, na que o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño indica que quere facer unha puntualización referente á acta do Pleno ordinario (17.12.2020), xa que, na súa intervención non se plasma na acta o exemplo do cortacésped de 5.400€ do que falou o Partido Socialista solicitando que dito exemplo plásmese na mesma. Xa que indica que o cortacésped de 5.400€ era unha puntualización moi concreta, e para que así conste en acta.</p>	

Pásase ao seguinte punto do día sen a realización da correspondente votación con respecto á aprobación das actas anteriormente sinaladas.

2. Expediente 10/2021. Subvencións Solicitadas a Outra Administración.	
Favorable	Tipo de votación



DEBATE

O Sr. González expón a proposta de acordo relativa ao POS + adicional para o financiamento de gastos sociais extraordinarios. Como vedes a Deputación sacou co POS ordinario un POS + adicional para gastos sociais extraordinarios que inclúe e posibilita unha serie de gastos que no noso caso poden ascender a un máximo de 146.666,98€ e distribuímos do xeito que aparece na documentación establecida no expediente, lendo o Sr. González a proposta de Alcaldía referente a este acordo.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que quere facer unha apreciación con respecto ao primeiro punto o non haber ningunha apreciación máis con respecto ás actas das sesións plenarias, pregunta que como non se realizou a votación pertinente enténdense como aprobadas e recorda que non se votou.

Indica o Sr. González que é correcto e indica a secretaria que é preciso realizar a votación das correspondentes actas para a súa aprobación.

Indica a Sra. Molinos que é unha puntualización e o Sr. González responde que incluíndo a puntualización do Sr. Caamaño se se entende aprobada.

A dita cuestión os Concelleiros da Corporación asenten pero en ningún momento se fai unha votación a man alzada, pero si existe unanimidade no asentimento da aprobación das indicadas actas.

A secretaria fai referencia ao Sr. Alcalde da falta de orde nos puntos do día e que é necesario de conformidade coa lexislación vixente seguir o orde dos mesmos ao que o Sr. Alcalde decide non facer referencia e seguir co debate do citado asunto do día.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que expón que en canto as actuacións incluídas neste Plan especial dirixido ao financiamento de gastos sociais extraordinarios, sorpréndenos que non se incluírá dotación para reforzar e apoiar aos traballadores de servizos sociais do concello, que sabemos que están facendo un grandísimo e encomiable esforzo para atender ás moitas necesidades que están a xurdir derivadas desta crise sanitaria. Indica que salvo esa apreciación anterior, calquera axuda que se poida dar aos veciños neste eido parécenos que ten que ser benvida.



Entendemos que unha vez se poidan trasladar estas axudas aos veciños que as precisen, serán convenientemente dadas a coñecer aos posibles beneficiarios e valoradas as solicitudes por os técnicos dos servizos sociais.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que o seu grupo do mesmo xeito que a xuda social e máis na situación que estamos pasando é benvinda e o que si esperamos é que se publiciten e á vez que os servizos sociais se esforcen en poder chegar a todas aquelas familias e persoas que realmente precisan estas axudas e indica que é moi importante no momento no que estamos a pasar.

Faise un receso por problemas de conexión do Sr. Caamaño e reanúdase o Pleno de novo.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista que indica que houbo un desorde no debate dos asuntos dos asuntos do día e indica que vai ser rápido na súa intervención e expón que o Partido Socialista vai ser coherente conforme aos gastos sociais extraordinarios. Indica que houbesen preferido ao mellor repartir doutra forma estes cartos do gasto social ou polo menos comentar con vostede outras alternativas pero non nos dou esa posibilidade, polo menos ao Partido Socialista, e repite que por coherencia e sabendo que van a súa maneira anuncia o voto a favor.

Fai referencia o Sr. González a esa alteración na orde dos puntos do día e pide desculpas pero indica que entende que non hai ningún problema.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que reitera a puntualización relativa que se lles de publicidade en tempo e forma e que non queden partidas sen chegar ás familias que o precisan.

Por problemas no vídeo do Sr. Caamaño e coa súa conformidade este fará a súa votación de viva voz.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor



GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

ACORDO

PROPOSTA ALCALDÍA

En vista dos documentos que constan no expediente propoño ao Pleno da Corporación o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2021”** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios.	146.666,98 €
--	--------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urgente das prestacións obxecto deste plan.			



(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	55.000€		55.000€
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.	15.000€		15.000€
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS) Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de	43.000 €	3.000€	40.000€



dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.			
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	30.166,98€	3.500 €	26.666,98€
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.			
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.	10.000€		10.000€
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.			
T O T A L	153.166,98 €	6.500 €	146.666,98 €

SEGUNDO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e correspondente expediente.

3. Expediente 9/2021. Subvencións Solicitadas a Outra Administración

Favorable

Tipo de votación

DEBATE



O Sr. González indica e reitera que houbo unha alteración na orde e indica que o punto a debater neste momento é o relativo ao expediente 9/2021 do POS + 2021 e pasa á exposición da proposta de Alcaldía.

Toma a palabra a Sra. Molinos que comeza expoñendo que están unha vez mais ante o proceder habitual deste goberno, apurar ao máximo os prazos para traer ao Pleno asuntos como o que nos ocupa hoxe que para ser trasladados á Administración correspondente, neste caso a Deputación Provincial, precisan de ser aprobados por este Órgano. Teñen vostedes a osadía de formular ante o Pleno unha proposta de acordo sen falalo e consensualo antes polo miúdo coa oposición, (ou polo menos, non co noso grupo), consenso que debería garantir a aprobación da mesma. Pregunta a voceira do PP se ¿Vostedes son conscientes da temeridade e imprudencia que supón traer este expediente ao pleno con tan escasa marxe de manobra para poder rectificar no caso de que non sexa aprobado?

¿Teñen presente que o día 5 de febreiro é a data máxima para enviar a documentación a Deputación e que se esta proposta non se aproba hoxe aquí pode darse a posibilidade de que se perdan os fondos da Deputación para este Plan de Obras e os veciños de Outes queden sen esas inversións debido a súa maneira de proceder?

Indica a Sra. Molinos que poden imaxinar que vai dicir vostede que as actuacións que os tres grupos da oposición de maneira conxunta por medio dunha Moción aprobada no anterior Pleno, lle pedimos que incluíran no POS 2021 xa forman parte do listado que figura no expediente. Efectivamente é así, pero non as incluíron vostedes dentro das actuacións con garantía e seguridade de execución, senón que antepoñen a esas obras, que vostede mesmo dixo que eran tan urxentes e necesarias, unha partida de 105.000 € para ser utilizada en gasto corrente, feito que vostedes se fartaron de criticar cando o noso grupo estaba no goberno, iso si cando en decembro do ano 18 se aprobaron as inversións a realizar no POS+2019 non puideron criticalo porque a xestión económica que se estaba levando no concello naquel momento, conseguindo financiación por outras vías para satisfacer o gasto corrente, fixo posible que todos os fondos do POS+19 se destinasen a obras sen necesidade de retraer nada para ese tipo de gasto.

Indica a Sra. Molinos que todo o citado failles sacar, cando menos, tres conclusións: a primeira que xa non deben considerar vostedes esas actuacións tan necesarias e urxentes, posto que non lle dan prioridade neste expediente, a



segunda que algo tivo que cambiar a peor na economía do concello, cando no ano 18 non se precisou destinar fondos do POS+2019 a gasto corrente e, nada mais coller vostedes o mando, esta circunstancia que tanto criticaban fana súa nas dúas veces que tiveron oportunidade e terceiro que seguen tendo unha total falta de coherencia entre o que dicían antes de gobernar e o que fan estando no goberno.

Continua a Sra. Molinos indicando que o Sr. Alcalde antes dicía que vai a haber obras incluídas no Plan Complementario que non teñen garantía ningunha de ser executadas porque con toda probabilidade a Deputación non vai ampliar, na medida que vostedes aventuran, os fondos para facelas. As bases de execución do POS+2021, ao igual que no ano anterior, din que se deben consignar no POS Complementario como mínimo o 50% da suma da achega 20, da achega 21 e mais do PAI asignados ao concello, e recomendan incluír un pouco mais que esa cantidade. O ano pasado incluíron no Plan Complementario un 82% dese valor, nesa ocasión advertímoslle que nos parecía moito incrementar o 50% asegurado ata un 82% porque corríase o probable perigo de que algunha desas actuacións non puidera ser levada a cabo. Dito e feito, a nosa advertencia converteuse en realidade, e a Deputación non dotou de fondos a parte desas obras por valor de 253.249 € quedando moitas obras fora. Deste xeito xa sabemos que vai dicir vostede que se deron circunstancias adversas, que veu unha pandemia etc. maldita pandemia que ademais de ternos a todos nesta indexable situación, utilízana vostedes para xustificar moitas das súas imprudentes e irresponsables actuacións.

Continúa a voceira do PP citando que pasou un ano e en lugar de aprender algo do acontecido, o que fan non é solo repetir o mesmo proceder senón que para mais cruz o incrementan, este ano piden o 97% do valor establecido, estamos seguros que o fan sendo coñecedores de que a Deputación non vai chegar a aprobar a totalidade dese valor. A conclusión de todo isto é que nos parece que pretenden contentarnos dicindo que se atendeu a Moción Conxunta que presentamos os 3 grupos da oposición, pensando que incrementando o Plan Complementario infinitamente coas actuacións incluídas nos daríamos por satisfeitos, sen ter en conta que con toda probabilidade parte delas non chegarán a ter dotación de fondos para a súa execución. Indica a Sra. Molinos e diríxelle ao Sr. González que o problema non é que nos queiran enganar a nos o problema é que a quen están enganando, creándolle falsas expectativas, é aos veciños de Outes.

Téñanlle vostedes aos veciños de Outes o respecto que se merecen e non poñan



mais en risco innecesario o seus intereses, falen coa oposición antes de traer ao pleno un asunto coma este, pero falen de verdade, con ánimo de participación, non para cubrir o cupo, ensinándonos media cuartilla de datos incompletos sen posibilidade de aportación algunha, coa única finalidade de xustificar que se reuniu con nos, para acto seguido darlle publicidade nos medios de comunicación e nas redes sociais querendo facer ver que son vostedes os campións da transparencia e da participación, cando a realidade ben sabemos que é outra moi distinta.

Toma a palabra a voceira do BNG que indica que eles antes de comezar a falar do POS e das pavimentacións queremos trasladarlle todo o noso apoio e forza á veciñanza ante unha situación tan complicada pola que estamos a pasar e moi especialmente a esas persoas que están sufrindo esta enfermidade e tamén a todas aquelas pequenas empresas e autónomos porque somos conscientes que están a padecer a mesma dunha dobre maneira. Moita forza e moito ánimo a todos. Creemos que é obriga desta Corporación o compromiso de traballar todos xuntos para conseguir o obxectivo de sacar a Outes adiante ante unha situación tan complicada.

Continúa a Sra. Suárez indicando que é verdade que os proxectos que recollen o POS son froito dunha situación que desexariamos que foise de maneira máis delegada e máis consensuada e como ben apuntou a compañeira do PP vostede o que nos traslada é unha táboa cunhas partidas escasamente cumprimentadas e nalgúns caso incluso faltaban e seguramente nos dirá que moitos deses proxectos xa estaban incluídos na moción destes tres grupos. Isto non quita que vostede teña a osadía de chegar ao Pleno con todas estas obras sen dialogar con ningún dos grupos da oposición. Tamén estamos fartos de que nos presente unha e outra vez os mesmos proxectos e as mesmas obras; arranxo do Paseo da Serra, arranxo do paseo de Broña, arranxo do paseo do Freixo, senda peonil da piscina, club de remo Taxamar, arranxo da escola de Tarás, eliminación de barreiras arquitectónicas de infraestruturas públicas e esa é unha das propostas do BNG. Propostas que coinciden nalgúns casos con outras forzas políticas aínda que algunhas as faríamos doutra maneira estamos contentos de que le aproben e que se executen canto antes, pero que se executen. Non volvan a aparecer noutro Pleno para que volvan a ser aprobadas.

Reitera a Sra. Suárez que na necesidade e urxencia de rematar co deseño co plan de saneamento integral pois vemos como de novo tramitamos pavimentacións, humanizacións e arranxos en viais sen contemplar un plan xeral para este propósito que para nós é algo tremendamente importante. Por todo o anterior



anuncio voto a favor e a execución das obras e piden a negociación a longo prazo e non a última horas as futuras partidas previsibles para non chegar atropeladamente e sen tempo de ler toda a documentación que se nos comparte uns días antes do Pleno. Continúa a voceira do BNG indicando que en canto ao POS non teñen nada máis que engadir.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do partido socialista que indica que non cabe dúbida que as obras que van neste plan son urxentes e necesarias como así o fixemos constar nos plenos de novembro e de Nadal, o que parece que non lle quedou tan claro a vostede é en que POS deberían ir incluídas. Non foi vostede quen de dicirlle que non ás obras senón que foi capaz de dicirlle aos veciños que se a Deputación non pon máis cartos no POS complementario quedan sen obras porque vostede así o decidiu. Continúa a súa intervención o voceiro do Partido Socialista indicando que unha vez máis e, que xa van unhas cantas, volve dicir que tan importantes son as pequenas obras como as máis grandes e unha vez máis para vostede teñen prioridade as grandes. O Partido Socialista de Outes houbese preferido trocar por exemplo a obra do P.A.I., xa que, actualmente estamos servidos con algo de gasto corrente e houbese tramitado para este POS ordinario oito obras o canto de unha soa. Como de momento é vostede quen goberna vou ser coherente e saiba que vai ter o apoio do Partido Socialista para estas obras, esperando que sexa posible contar canto antes cun plan complementario da Deputación para que os veciños non queden sen o resto das obras pola súa decisión.

Toma a palabra o Sr. González para dicir que engade que houbo consenso e que máis consenso que constituír o POS co 100% das achegas que fixeron os grupos da oposición, é difícil que sexa con máis consenso. Indica que o BNG apuntaba que estas obras xa viñeran a Pleno varias veces e xa foron aprobadas, o grupo de goberno traémolas aquí pero por nós xa as propuxemos no Pleno de novembro cos remanentes e vostedes decidiron nese momento que non querían aprobalas e témolas que traer aquí. Simplemente sobre o que comentou o voceiro do Partido Socialista indica que non o acabou de entender porque di que non poñería o P.A.I. entón non entendemos que o apoiase. Pero finalmente quere agradecer a os que manifestaron o seu apoio mostrado e agardo que poida levarse a cabo esta proposta e se é co consenso de todos mellor aínda.

Toma a palabra a Sra. Molinos que responde que o consenso haberíao se vostedes incluísen estas obras como prioritarias e non as relegasen a un artificioso e artificialmente inflado POS Complementario, cando saben perfectamente que non vai a ser posible facelas todas, como xa o sabían o ano pasado, e sen embargo



seguen vostedes coa mesma liña de actuación, e actuou da mesma forma que o ano pasado pasando do 88% ao 97%.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que contesta que o Sr. Alcalde que teima unha e outra vez en votarlle a culpa aos grupos da oposición de que estas obras as cales citábamos que xa viñeran a Pleno e que non se poden executar porque os grupos da oposición non aprobamos a liberación do remanente. Non sabemos que é o que non lle quedou claro naquel Pleno e non entendemos como temos que contarlle para que o entenda o que si temos claro é que sabe moi ben como contarlle aos veciños, pero cóntella a verdade. Dígalle aos veciños que nós non nos opuxemos ás obras o que nos negamos naquel Pleno foi a unha liberación dun remanente que non estabamos de acordo en como se estaba facendo que non estamos de acordo nas prioridades que vostede marcaba e temos que recordarlle que aparecían obras algunhas das que están aquí pero outras non tan importantes como o famoso cortacésped ou o pintar o Náutico do Freixo ou pintar a casa da cultura da Serra. O BNG non dixo que non a algunhas das obras que si creemos que son importantes o que pasa e que vostede xoga a enganar e non engana a esta corporación porque a súa falta de respecto e diálogo cos grupos da oposición pois xa imos estando afeitos e sabemos cales son as súas maneiras, pero o peor é que vostede engana aos veciños e vostede débelle respecto. Por favor deixe de mentir porque non por máis repetir vai ser verdade.

Toma a palabra a Sr. Caamaño que indica que vai matizar simplemente que xa sabe que tivo o meu apoio par o P.A.I. que era unha das cousas que o Partido Socialista levaba no seu programa e polo tanto mal interprétame vostede porque non estou dicindo que non faría a obra senón que, neste caso, en vez de meter a obra do P.A.I. no POS ordinario houbera metido oito obras no canto dunha sola, son mais pequenas pero son oito e deixar esa para o POS adicional. Sabe que o apio deste partido ao P.A.I. foi sempre total, non quero dicir que non ao P.A.I., e matizo que en vez de ter unha sola obra neste POS ordinario houbera metido oito e ao mellor houbera beneficiado a máis veciños.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votosfavor



GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto favor

Trala votación do punto anterior abandona o Pleno o Sr. Gosende.

ACORDO

Vista a convocatoria do PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS + 2021, Formula a se seguinte proposta de acordo ao Pleno da Corporación:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

1) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	104.998,26 €
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	0
Subtotal gasto corrente	104.998,26 €

1.A) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total	
PAVIMENTO NUCLEO DE BRION DE ARRIBA E OUTROS	91.808,46	0	91.808,46	
ARRANXO DOS PASEOS MARITIMOS DO PORTO DO FREIXO E BROÑA	45.193,81		45.193,81	
Subtotal investimentos achega provincial 2021	137.002,27		137.002,27	



ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiros sostibles)		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total	
PUNTO ATENCIÓN Á INFANCIA EN CRUCEIRO DE ROO	169.198,74	0	169.198,74	
PAVIMENTACION EN CURES (OUTES) E OUTROS	40.628,28	0	40.628,28	
Subtotal investimentos achega provincial 2020	209.827,02		209.827,02	

SEGUNDO.- Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

TECEIRO.- Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	0		0
	Achega 2021	0		0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	104.998,26		104.998,26
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	0		0
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021	137.002,27		137.002,27
	Achega 2020	209.827,02		209.827,02
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021	0		0
TOTAL	Achega 2021	0		0
	Achega 2020	0		0
	Préstamo 2021	0		0
	TOTAL	451.827,5		451.827,5



CUARTO.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

ARRANXO PASEO FLUVIAL DA SERRA	34.935,98 €
ACONDICIONAMENTO ANTIGA ESCOLA DE TARÁS	36.868,34 €
ACONDICIONAMENTO NA SEDE DO CLUBE DE REMO TAXAMAR	35.841,47 €
MELLORA AUDITORIO DA CASA DA CULTURA E OUTRO	31.474,29 €
PAVIMENTACIÓN RÚA DA BRAÑA NO CONCHIDO E OUTRO	51.799,20 €
HUMANIZACIÓN RÚA DOCTOR ESPERANTE (OUTES)	140.364,59 €
SENDA PEONIL PARA SEGURIDADE VIAL NO ACCESO Á PISCINA MUNICIPAL	128.270,14 €
PAVIMENTACIÓN EN ÁNSERES (O FREIXO)	36.080,83 €
TOTAL POS_ 2021 COMPLEMENTARIO	495.634,84€

QUINTO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

SEXTO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

SÉTIMO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

OITAVO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

NOVENO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

DÉCIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa



tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

4. Expediente 777/2019. Procedemento xenérico.

Favorable

Tipo de votación

- **Moción do Partido Socialista:**

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Vimos de ver como cada ano que pasa son máis os deportistas do noso concello que se preparan a fondo e compiten a nivel galego e a nivel nacional por medallas, temos xa algúns campións e campioas a nivel galego e unha campioa de España. Algúns destes deportistas debido a ausencia de instalacións adecuadas ou por falla de interese por parte do noso concello, vense na obriga de ter que formar parte de equipos “foráneos” de Noia, Ames, Pobra, Riveira ou outros, sen embargo non renuncian a levar o nome de OUTES, e máis senten orgullo de ser de aquí , deste concello. Sucede que as veces, aínda levando o nome de Outes por bandeira, estes deportistas, e tamén os de aquí, sobre todo en épocas de vacacións cando os seus clubs están parados, vense na obriga de continuar cuns exercicios de mantemento axeitados para eles e por isto que instamos ó Pleno do Concello a tomar o seguinte

ACORDO:

- 1- Facer unha listaxe destes deportistas de futuro ou xa consolidados como campións e campioas e darlle unha homenaxe como se merecen por leva-lo nome de OUTES por bandeira, independentemente de cal sexa o seu club.
- 2- Poñer a disposición destes deportistas as instalacións necesarias do concello de forma gratuíta, sempre e cando as necesiten e estas non estean sendo usadas.
- 3- Dispoñer a nivel local de unha especie de becas ou axudas para os desprazamentos destes deportistas xa que estes son os que poñen a Outes no mapa, independentemente de crear un bono premio para aqueles que sexan campións ou subcampións tanto a nivel galego como español.

DEBATE



Toma a palabra a Sra. Molinos que expón que entendemos que a práctica e o fomento do deporte no Concello, sobre todo do participativo e de base, debe ser unha das tarefas do Goberno Municipal, e calquera iniciativa neste eido debe ser apoiada por todos.

De todos os xeitos, parécenos que nesta Moción os acordos non están moi definidos, e temos certas reservas sobre como se debe estruturar o uso das instalacións deportivas municipais que están sometidas a unha ordenanza. Entón, non temos moi clara a forma de facelo, nin o que se pretende con esta Moción.

Toma a palabra o BNG o Sr. Núñez que indica que estando de acordo co fondo da moción, xa que creemos que é necesario poñer en valor os nosos deportistas e fomentar o deporte en xeral e iniciar unha forma de vida máis saudable. Pero, na proposta de acordo temos as nosas dúbidas sobre todo polo que entendemos que é a maneira de levar adiante estas medidas que propón o Partido Socialista. Temos dúbidas sobre que criterio se poderían empregar para facer unha listaxe que ademais polo menos da maneira que está redactada a moción entendemos que sería a que se podería empregar para facer exención no pago dos alugueres públicos ou para facer becas ou axudas, pensamos que existen outras maneiras de facer estas propostas e entendemos que é preferible fomentar o deporte e homenaxear e apoiar aos nosos deportistas que teñen maior éxito doutras maneiras e entendemos que con outro acordo poderíamos votar a favor. Continúa o Sr. Núñez indicando que están a favor do espírito da moción non podemos votar en contra pero non podemos estar de acordo coa maneira de levar esta proposta. Polo que indican que o BNG absterase na votación.

Toma a palabra o Sr. González que indica que dende o grupo de goberno efectivamente xorden certas dúbidas na liña do resto dos voceiros, xa que os termos da resolución son un pouco vagos no sentido de que non están claros. Entendemos o espírito e o apoiamos con respecto ás axudas ou recoñecementos económicos a estes deportistas que levan Outes polo mundo. Como tíñamos estas dúbidas a nós o que nos parecía o máis adecuado é ou darlle outra formulación ou estamos de acordo todos o que dende o Concello é elaborar algún tipo de bases para establecer o tipo de recoñecemento que se pode dar a estes recoñecementos. Diríxese ao Sr. Caamaño para se este deixa aberto a concreción dos termos de recoñecemento destes deportistas pero o podemos materializar en que se elaborará por parte da Corporación unhas bases para darlle recoñecemento a estes deportistas.



Toma a palabra a Sr. Suárez para indicar que escoitase entrecortado e que non se enterou da intervención e que non sabe se ao resto de membros lles ocorre o mesmo. O Sr. Alcalde repite o anteriormente exposto.

Toma a palabra o Sr. Caamaño para indicar que está escoitando e vexo que todos estamos de acordo no espírito da moción e que por un lado poderíase haber metido ou engadido algo na Comisión de Servizos, pero o Partido socialista nestes momentos e na súa labor de levar esta moción a diante vai propoñer se a abstención total da moción que sería nula e falala co resto da Corporación para establecer por un lado o tipo de axudas, por outro lado como se pode acceder, como citaba o PP, ás instalacións que teñen un baremo establecido ou por outro lado o tema da listaxe que dicía o BNG. É dicir, que propoño deixar a moción para que todos os poñamos de acordo e que todos miremos para diante e saquemos esta moción adiante, vistos os vosos puntos de vista.

Toma a palabra o Sr. González e indica que entende que a forma de proceder sería retirar a moción nestes momentos e que o grupo socialista volva a propoñer tras os termos levados en consenso. Indica o Sr. Caamaño que lle parece correcto, coas ideas do PP en canto a baremo e cas ideas do BNG en canto á listaxe e outras en canto ao grupo de goberno como se podería levar a cabo e facer unha moción consensuada para darlle a aprobación máis adiante. Indica o Sr. González que dende o punto de vista do Pleno queda retirada a moción e quedamos a expensas desta iniciativa. Responde o Sr. Caamaño que sen problema e que o Partido Socialista está disposto a escoitar e a falar con todos polo ben dos nosos deportistas. Pregunta o Sr. González se todos os grupos están de acordo, ao que a totalidade deles responden con asentemento. Polo que queda retirada a mesma.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

C) ROGOS E PREGUNTAS

- **PREGUNTAS**

- **DO PLENO ANTERIOR:**

- **Do PP:**



PREGUNTA 1. Varios veciños das rúas Agro das mozas, Castelao e Tines trasladáronnos o seu descontento porque non se instalaran ningún arco de luces do Nadal nin ningún ornamento, sendo estes lugares moi transitados e nos que se sitúan varios comercios e negocios, queremos saber:

1.- Porqué non se instalou ningún ornato navideño nesas rúas?

Contesta o Concelleiro o Sr. Ramos que indica que efectivamente nesas rúas non se instalaron ningunhas luces de Nadal igual que non se instalaron noutras rúas do Concello e noutros lugares como aldeas nos que nos gustaría facer máis evento navideño. Non se puido facer máis, xa que os orzamentos son os que son e para o ano se se pode instalar algo máis estaremos encantados.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que tratándose de rúas moi transitadas e comerciais, parécenos ben que na próxima ocasión na que teñan vostedes oportunidade, fagan por poñer algún ornato tamén nesas rúas.

PREGUNTA 2. O que quixo dicir vostede con respecto ao convenio falado con anterioridade, é que o Concello ten un traballador a disposición da entidade bancario para que filtre os proxectos e que analice e que os leve filtrados alí?

Contesta o Sr. González que os termos nos que se poida interpretar son múltiples, pero efectivamente a labor dun AEDL entre outras moitas é darlle apoio aos promotores par analizar a súa idea de negocio e analizar a viabilidade e entre outras cousas elaborar tamén un plan económico-financeiro que se lle poida presentar a unha entidade bancaria para a súa eventual financiación. Iso é a función de calquera AEDL haxa convenio ou non haxa convenio, polo tanto é poñer recursos do Concello ao servizo dos emprendedores e do emprendemento.

Toma a palabra a Sra. Molinos e indica que resumindo a implicación do Goberno neste convenio ven sendo axudar a facer un Plan de viabilidade aos emprendedores, cuestión que xa por si entendemos que debería enmarcarse nas labores cotidiás da Axencia de Desenvolvemento Local. Pois ben, se isto é obxecto dunha nota de prensa pola súa parte, o único que temos que dicir ao respecto é recoñecerlles a vostede e mais ao seu goberno a grandísima habilidade que teñen para venderlle fume aos veciños de Outes, e a constatación de que o seu é un goberno de fachada, foto e fume.

Toma a palabra o Sr. González que indica que lamenta disentir do dito pola Sra. Molinos porque o convenio o que da é unhas condicións favorables, xa que non



indica garantías tanto para gasto corrente como para gasto corrente para empresas instaladas e autónomos como de negocios novos, esa é a súa visión, nós temos este convenio e mal faríamos se non anunciáramos.

- **Do BNG:**

PREGUNTA 1. Con respecto ao que propuxemos fai un ano para o Monte da Pena e que lle rogamos durante varios meses, queremos saber:

1.- Avanzouse algo no estado de tramitación?

Contesta o Sr. González que si que se avanzou, por un lado avanzouse na memoria técnica e xa temos a proposta do biólogo simplemente falta incluír unha serie de datos que ten que achegar o Concello e por outra banda en paralelo aínda que inicialmente non estaba previsto o grupo de goberno tamén encargamos a un arqueólogo un informe sobre o patrimonio arqueolóxico daquela zona e para proceder ao estudo é necesario un permiso da Xunta de Galiza que xa foi tramitado e que chegou a finais de decembro e que agardamos que se poida realizar ese estudo o antes posible.

PREGUNTA 2. Entendemos segundo se nos dixo que se pecharon áreas da piscina, gustaríanos saber: porqué?, durante canto tempo? E que se nos explique esta situación e rogamos que se nos informe antes do vindeiro pleno.

Cita o Sr. Núñez que non se lles informou antes do Pleno e que a situación é bastante distinta a que había naquel Pleno.

Contesta o Concelleiro de Deportes o Sr. Gándara que indica que en ningún momento se pechou ningunha zona física da piscina e o que se plantexaba naquel momento era de aprazar as actividades ata despois do período de Nadal pero finalmente decidiuse que continuaran con normalidade, xa que non houbo máis incidencia.

PREGUNTA 3. Temos constancia de que unha veciña do Concello púxose en contacto co Goberno coa intención de cederlle a súa propiedade para que o Goberno analizara a posibilidade de adecuar unha vivenda histórica dunha familia importante da carpintería da Ribeira coa intención de realizar alí un albergue municipal. Queremos saber:

1.-Se o Goberno en realidade analizou esta proposta e porque se lle dixo que non cando unha veciña propón ceder a súa propiedade para uso municipal.



Contesta o Sr. González que houbo unha proposta informal e que realmente foi unha conversa e non houbo nin proposta formal nin resposta, si que fai un mes ou mes e medio eses promotores achegáronse ao Concello cunha idea de proxecto para a presentación do grupo de acción pesqueira dunha vivenda para crear un albergue. A nosa resposta foi que nos parecía interesante pero eles xa estaban en trámite.

- **PREGUNTAS PRESENTADAS PARA O PRESENTE PLENO POR ESCRITO:**

• **Do BNG:**

PREGUNTA 1. A parroquia de Outes leva meses sufrindo apagóns constantes deelectricidade edificultades severas para ter unha conexión a internet digna. Isto é un problema de importancia máxima e que, por desgraza, é habitual dende fai anos nestaparroquia en específico. Fixo o goberno local algunha xestión para atender a esta problemática? No caso afirmativo que xestións e en que estado se atopan? No caso negativo a que agardan?

Contesta o Sr. González que dende o punto de vista do subministro de electricidade indica que non lles consta que a parroquia de Outes tela especiais problemas, temos problemas as veces cando hai mal tempo e fai pouco houbo un problema específico por unha tala de árbores que danaron unha liña de alta tensión e iso provocou un corte bastante tempo. Nese momento poñémonos en contacto co provedor para que canto antes o solvente e lle facilitamos aos veciños como xa foi público os medios que no Concello para facer calquera tipo de reclamación ás compañías. En canto ao subministro da conexión a internet hai un plan neste momento financiado con fondos do Estado, fondo europeos e fondos da Xunta de Galicia que os executa no noso caso telefónica e que en principio sabeos que o planificado non se concreta por diversos motivos. Esta mesma semana tivemos unha reunión cos representantes, en concreto coa encargada en Galicia da banda ancha e o que nos din e que para 2021 hai 70 núcleos de poboación de Outes que deberían estar previstos da fibra óptica e indica entre elas cales serían algunhas. Indica que intentan estar pendentes desta cuestión e falamos cos responsables de telefónica e intentando solventar os problemas que se dan onde xa deberíamos ter acceso e que por diferentes motivos aínda non no hai.

Toma a palabra a Sr. Suárez para realizar unha aclaración no tema dos apagóns de luz é algo que levan sufrindo anos e que iso non é cuestión dunha tala, xa que iso foi o que nos fixeron chegar os veciños, senón que é problema dun transformador en concreto que divide as fases e que non está nas condicións óptimas. E que estes



veciños foron os que nos comunicaron que xa o trasladaran ao Concello, mesmo no Nadal houbo un apagón o día 25 e estiveron máis de cinco horas sen luz polo que non é algo puntual o que está pasando.

Continúa dicindo que xa que falamos de internet agradeceríamos que fixera unha aclaración, hai algúns núcleos nos que os traballadores da empresa que ven instalar o cableado dinnos que xa están o cableado posto pero que como os usuarios os que temos que chamar á operadora e pedir que nos conecten. Cal foi a sorpresa? Que cando chamamos a operadora e esta responde que Cando de Abaixo non existe e que Cuns non está previsto instalar a fibra óptica. Dada a situación a xente necesita traballar e estudar dende as súas casas e sería importante poder trasladarlle aos veciños o que está pasando co tema da fibra óptica.

Responde o Sr. González que con respecto a Outes non tiñamos constancia e interesámonos polo problema do transformador e de por outra banda o que comentábamos, unha cousa é a teoría e despois a práctica, unha cousa é o proveedor do soporte da infraestrutura e outro é a operadora. O que estamos tratando é de falar coa empresa que instala para solventar este problema. Pero pode ser unha ocasión que podemos tratar noutra ocasión.

PREGUNTA 2. Fai uns meses trouxemos a este pleno a nosa preocupación sobre o paradiro e o estado da imaxe do cruceiro de Cando de Abaixo que caeu nun temporal mais aínda non volveu ao seu lugar. Onde se atopa dita figura? Vai o goberno reparala e recolocala nalgún momento?

Toma a palabra o Sr. González que indica que a mesma atópase nas dependencias municipais e está moi danado e o que fixemos é trasladarlle a patrimonio este problema xa que nós non temos capacidade para restaurar un elemento patrimonial como este. Estamos agardando que se faga unha valoración para ver se se pode recuperar e é no que estamos.

A Sra. Suárez indica que non escoitou toda a resposta do Sr. González pero que revisará con posterioridade o Pleno e entendín que é competencia de patrimonio pero cree que debería presionarse a patrimonio e facer unha chamada e non só por este caso senón tamén por outros.

PREGUNTA 3. O saneamento é unha das preocupacións principais do BNG pola relevancia que ten o sector en Outes e na comarca. É ben coñecido que levamos moitas iniciativas ao respecto en diferentes institucións e, entre elas, atópase a



moción que aprobamos neste pleno hai máis dun ano para a elaboración dun plan de saneamento integral do concello.

En que situación se atopa o desenvolvemento deste plan?

Por que a corporación aínda non tivo acceso a ningún documento ou borrador a pesares de terselle rogado en plenos anteriores?

Existe algún documento de xestión do saneamento actual que certifique que lugares están conectados á rede e cales non?

Por que a corporación non ten copia, en caso de existir, a pesares de telo rogado?

Responde o Sr. González que o que se comenta relativo ao plan para coñecer o estado no que está o saneamento e para desenvolver as propostas para solventar os problemas do saneamento este plan dótase dun plan moi complexo que aínda esta en fase de elaboración e nós en paralelo o que non queremos é estar parados, estar quietos mentres se desenvolve este plan e como é sabido que temos plans parciais. O plan está en proceso de elaboración pero non por iso estamos parados e non por iso non temos unha idea xeral do que se precisa.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que escoita a cachos pero que xa revisará as respostas.

PREGUNTA 4. Os baños de Broña son un bó exemplo da incapacidade do goberno para chegar a un consenso xa que levan máis dun ano dándolle voltas á ubicación mentres que os diferentes grupos da oposición mantivemos un posicionamento claro ao respecto. A ubicación definitiva do proxecto é a que se informou na xuntanza de portavoces? Ou pensan darlle “outra volta”?

Contesta o Sr. González que esta pregunta parte dunhas premisas que non están moi de acordo porque iso de que o grupo de goberno cambiou de parecer, en fin, o grupo de goberno fixo unha proposta inicial á oposición non lle gustou, tivemos unha xuntanza e unha Comisión para estudar esta cuestión, entre todos atopamos outro lugar e despois vostedes din que ese lugar non vale. Polo que iso de que o grupo de goberno estivo dando voltas non é así. Agardamos que a proposta que fixemos o outro día que encaixe no que é a modificación do proxecto xa aprobado, tamén dende o punto de vista da empresa que tamén ten que aceptar ese proxecto e esa é a nosa intención.

Contesta a Sra. Suárez que a pesar de escoitar entrecortado intuía que dixo que foi a oposición a que lle deu voltas aos baños, non lle demos volta o que pasou é que vostede teimou nunha área e tiña que ir en Broña si ou si e para nós non era o lugar idóneo. Pero nós temos moi claro onde teñen que ir os baños e así o fixemos saber.



PREGUNTA 5. A estas alturas do mandato segue ben clara e pública a disposición do BNG para chegar a acordos que beneficien a veciñanza. É público e notorio, tamén, que a día de hoxe o goberno puido aprobar os seus primeiros orzamentos grazas ao noso grupo xa que decidimos brindarlle unha oportunidade para facer as cousas ben.

Fai unha semana convocouse unha xuntanza de portavoces para comezar os diálogos sobre os futuros orzamentos que, segundo dixeron, pretenden aprobar a mediados de febreiro. Naquela xuntanza a única documentación que se nos aportou foi unha ridícula táboa de capítulos xerais que, aínda por riba, estaba incompleta. Pretenden aprobar os orzamentos só con esa xuntanza? Non pensan negociar en ningún momento?

Contesta o Sr. González que os orzamentos teñen que aprobarse en Pleno pero en calquera caso o que fixemos foi unha aproximación inicial onde compartimos unha serie de ideas xenéricas sobre cales pensamos que deben ser as liñas do orzamento para o ano que ven e tamén lle dixemos e trasladamos e agora agardamos polas súas propostas.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que saben perfectamente quen os aproba pero que o que pretende o Sr. González é despistar e enredar, xa que a pregunta era moi clara non que se aprobasen os orzamentos con esa reunión.

PREGUNTA 6. A semana pasada realizouse no noso concello un cribado por mor do repunte da COVID que sufrimos. Dende o BNG trasladámoslle dende o primeiro momento a nosa disposición á colaborar e solicitámoslle ao goberno que convocara a comisión para poder solventar dúbidas e atender a problemáticas específicas importantes. O resto da corporación tamén amosou disposición e interese en que así fora mais, finalmente, non se convocou. Creen vostedes que actuaron correctamente desoíndo por completo a corporación diante dunha situación tan grave? Creen, realmente, que participou toda a xente que podería ter participado se se solventaran os problemas que lles trasladamos?

Responde o Sr. González que indica que sobre este tema solo recibiu esa petición de reunión por parte do BNG non de ningún grupo máis, en calquera caso, nós o martes pola mañá recibimos unha chamada confirmándonos o xoves vaise realizar un cribado no noso Concello. O que nos preocupou nese momento foi prestar toda a axuda e todo o apoio que necesitaba quen organizaba iso que era o SERGAS. Iso foi o que fixemos e que traballamos duramente, non é unha cuestión tan fácil e agradecerlle aos traballadores que participaron coa boa incidencia funcionou ben.



O que non nos parece é meternos no traballo do SERGAS nós podemos apoiar soamente. E esta é a nosa opinión e estamos satisfeitos como foi todo.

Contesta a Sra. Suárez que no seu momento cando se enterou do cribado que se puxo en contacto co Sr. González e confirmoume que acababan de comunicalo e que estaban colaborado no operativo. Tamén lle dixen que me parecía oportuno que abriera a mesa COVID que se fixo no mes de marzo e que funcionou razoablemente ben e tamén lle transmitín que me puxera en contacto co resto de voceiros e ningún dos dous tiñan problema en reabrir esa mesa e en colaborar, non intentabamos facer outra cousa. Non pretendemos quitar mérito ao goberno e moito menos a todos aqueles operativos que tiveron que poñerse a disposición do Concello para que este cribado fose realizado. Nós o que nos inquieta é que había unha serie de circunstancias que nós nos pretendiamos que lle indicara o SERGAS como ten que facer o seu traballo pero vostede é o máximo responsable do Concello de Outes e consideramos que é obriga súa trasladarlle ao SERGAS cales son as peculiaridades do noso Concello, esa era a nosa intención e vostede non nos quixo nin escoitar. É o de sempre falar, escoitar, non sei que problema ten vostede con este tema, solo intentabamos axudas porque había unha serie de circunstancias que se puideron dar e que se viron.

O Sr. Alcalde responde que cree que eles actuaron como tiñan que actuar e que prestámoslle todo o apoio ao SERGAS nese sentido e estamos razoablemente satisfeitos.

- **PREGUNTAS ORAIS PARA ESTE PLENO:**

• **Do PP:**

1ª PREGUNTA. Na relación de facturas aprobadas nº F/2020/43, figura unha por valor de 1.512,50 € que corresponde a unha empresa consultora e que ten por concepto "Asistencia Técnica para tramitación dunha proposta de proxecto no marco da convocatoria 2020 do Programa Erasmus+

1.- ¿En que consisteu esa proposta?

2.- ¿Cal foi o resultado da mesma?

• **Do Partido Socialista:**



PREGUNTA 1. O Partido Socialista gustaríalle saber, porqué algunhas das obras do POS 2018 se licitaron en xaneiro de 2021 e non antes? Porqué tardou o actual goberno un ano e medio en levar adiante estas actuacións?

7. ROGOS.

- Do PARTIDO POPULAR:

1º ROGO. Moitos veciños usuarios do Paseo de Río fannos chegar as súas queixas porque ven que hai polas e árbores caídos nas beiras e no cauce do río. Rogámoslle ao goberno que tomen as medidas necesarias para a súa retirada.

2º ROGO. No Pleno ordinario do mes de Novembro aprobouse unha moción presentada polo noso grupo referente a estrada de Entíns a Fontenlos. Nesa moción había dous acordos, un referido ao ancheamento da vía e outro no que se instaba a que o goberno municipal tomara de inmediato as medidas necesarias para limpar e adecentar as beiras e a plataforma desa estrada.

Podemos chegar a entender que o primeiro acordo poida levar algo de tempo cumprilo, pero o que non entendemos é que, pasados dous meses, o goberno non fixera nada con respecto ao segundo acordo e que a devandita estrada siga nas mesmas calamitosas condicións que dificultan tremendamente a circulación pola mesma, barranqueiros a ambos lados, bordes cheos de broza, taponamentos no discorrer das augas pluviais polas beiras, taponamento na entrada dun camiño que sube ao monte etc. e varias desfeitas mais.

Rogámoslle polo tanto ao goberno municipal que solvente esta situación de inmediato.

3º ROGO. Pensábamos que hoxe non teríamos que facerlle de novo este rogo, por sexta vez consecutiva, pero está visto que estábamos equivocados. Despois de 6 meses rogándollo pleno a pleno, as sinais de Stop da agra de Entíns, subida de Áspera cara O Cruceiro e da agra de Fontenlos cara O Areal están sen repoñer. Non podemos entender que isto sexa así, a non ser que estean esperando a que haxa un choque de vehículos para constatar que de verdade facía falta poñelas, se unha cousa tan doada como chantar 4 sinais en outros tantos cruces lles leva mais de 6 meses facelo, non queremos pensar o que lles levará outra cousa que teña un chisco mais de dificultade.



Rogámoslle por sexta vez que procedan á reposición destas sinais. A ver se esta é a definitiva e non temos que facer este rogo unha sétima vez, que se é necesario o faremos.

Aínda que esto non é un rogo, quixera aproveitar a intervención para darlle ánimo e forza a todos os veciños de Outes, ante esta terrible situación que estamos a vivir.

- **Do Bloque Nacionalista Galego:**

ROGO 1. As árbores do parque da cruz levan tempo con falta dun mantemento mínimo. É de resaltar a situación inaceptábel na que se atopa o cruceiro que lle da nome ao parque e a rúa que na actualidade se atopan totalmente ocultas polas árbores. Rogamos que se actúe para solventar esta situación.

ROGO 2. O goberno local debería exercer bastante máis a transparencia da que tanto falan e, como noutras moitas áreas nas que traballa, rogamos que fagan públicas todas as alegacións e documentos presentados polo concello contra os diferentes parques eólicos.

ROGO 3. Estamos fartos de ver como o señor alcalde emprega a súa conta persoal para publicar información oficial que non figura nunca na conta oficial do concello. E non nos mal interpreten, parécenos totalmente normal e lexítimo que o alcalde faga publicacións informativas na súa conta persoal mais o que nos parece mal é que o faga exclusivamente na súa conta en troques de publicalo, previamente, na conta oficial do concello que deba ser a referencia de información institucional da veciñanza.

Rogamos que o goberno publique sempre a información relevante na conta municipal antes de facelo nas súas persoais.

ROGO 4. Como xa lles trasladamos a semana pasada creemos urxente e necesario que convoquen a comisión de Covid para poder resolver dúbidas e xuntar esforzos nun momento tan complicado como o que estamos a vivir. Rogamos que atendan a nosa petición e convoquen dita comisión.

- **Do Partido Socialista:**

ROGO 1. O Partido Socialista de Outes rógalle por enésima vez que coloque o espello no crece de Entíns a Coiradas.



Indica o Sr. Caamaño que se dirixe a tódolos membros da Corporación se pensaron na opción de trasladar o festivo de mércores de cinza ou se ten obxecto algún deixalo como festivo local este ano.

Toma a palabra a Sra. Suárez que roga que se melloren as sinais de internet, que se non somos capaces de facer un Pleno e temos todo o tempo do mundo imaxínese traballar dende a casa.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que o próximo Pleno, a non ser que sexa estritamente necesario non se faga telematicamente senón de maneira presencial, porque habida conta do comezo, desenrolo e finalización deste Pleno, queda claro que o Goberno Municipal non da garantido que os que pertencemos a esta Corporación teñamos os medios necesarios para poder facer un Pleno telemático en condicións normais, sen desconexións, cortes etc. Osea, que os próximos plenos, se é posible e as normas sanitarias o permiten, se fagan de maneira presencial.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Remata a sesión ás 22:20 horas do que, como Secretaria, dou fe.

Como xa se indicou ao longo da sesión ordinaria do presente Pleno por parte da Secretaria e tal e como se establece no artigo 91.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais "Todos os asuntos se debaterán e votarán pola orde no que estiveran relacionados na orde do día". Deixar constancia por parte da secretaria do advertimento e a non subsanación do erro aínda sendo este advertido en tempo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A grabación do Pleno é consultable no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=RBCsF5d6T4E>

